



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA  
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI  
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es  
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI - LUGO

# **PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR**

## **CEIP LAVERDE RUÍZ**

OUTEIRO DE REI



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA  
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI  
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: [ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es](mailto:ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es)  
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI - LUGO

Este protocolo está baseado no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, na Orde do 21 de febreiro de 2007 (modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008) polos que se regula a organización e funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria e na Instrucións sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa que son enviadas aos centros.

“Entenderase como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos periodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais”.

Este é un centro de xestión directa, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Comedor Escolar Tipo D polo número de comensais.
- Persoal laboral: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

As prazas autorizadas para este curso escolar son de 313, solicitando un aumento, 17 para persoal laboral, colaboradoras, encargada e directora.

Este Centro conta co Manual de APPCC.

Os menús de cada mes colgaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro: [www.edu.xunta.es/centros/ceiplaverderuiz](http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplaverderuiz).

Se alguna familia non ten acceso a Internet facilitaráselle unha copia desde o centro.



## **HORARIO DO COMEDOR**

O horario do comedor escolar é de 2:20 a 15:15 h.

## **OBXECTIVOS**

O funcionamento do comedor escolar afecta á vida do centro e a súa utilización por parte do alumnado non debe considerarse como algo alleo aos valores que se ensinan nas aulas.

O comedor escolar é un servizo complementario e, como tal, os usuarios deben respectar as normas de convivencia que rexen no Centro; tratarase de acadar os seguintes obxectivos:

### **1.-EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:**

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
2. Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aulas.
3. Promover o consumo de tódolos alimentos (educar no gusto polos diferentes sabores).
4. Manter posturas correctas na mesa.
5. Desenvolver hábitos sobre o uso axeitado dos utensilios de comida.
6. Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
7. Concienciar ás familias dos beneficios que poden obterse dunha colaboración cos responsables do comedor, tanto respecto á saúde como á educación nutricional dos seus fillos, así como na adquisición e desenvolvemento de hábitos correctos.
- 8.

### **2.-EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:**



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA  
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI  
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es  
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI - LUGO

1. Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
2. Promover a cooperación dos alumnos implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de comedor.
3. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara tódolos membros da comunidade escolar.
4. Lograr un comportamento correcto na mesa.
5. Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de ruídos.
6. Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
7. Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
8. Favorecer a comunicación cos compañeiros en actividades non académicas, fomentando o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia.
9. Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, cociñeiros, camareiras, etc).

### **ORGANIZACIÓN:**

O persoal encargado do servizo de comedor estará integrado por:

Directora do Centro

Encargada do comedor.

Persoal laboral

Persoal Colaborador: 10 nais de alumnos/as



### **FUNCIÓNS DO/A ENCARGADO/A DO SERVIZO DE COMEDOR.**

Atendendo á Orde do 21 de Febreiro de 2007, as funcións do encargado/a de comedor son as seguintes:

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actuación periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor as asume para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais, logo de xustificación e autorización da dirección do centro.

### **FUNCIÓNS DO/A DIRECTOR/A DO SERVIZO DE COMEDOR.**

Atendendo á Orde do 21 de Febreiro de 2007, as funcións do/a director/a do centro son as seguintes:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.



- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se fora o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, dacordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

### **FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.**

Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Atención e elaboración das comidas d@s alumn@s que teñen algún problema de intolerancia, alerxias, ou problemas alimentarios, sempre e cando haxa un informe médico, que o abale.



- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar o/a encargado/a do servizo do comedor escolar daquelas outras cuestión que afecten o funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

### **FUNCIÓNS DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO**

Atendendo á Orde do 21 de Febreiro de 2007, as funcións do persoal colaborador son as seguintes:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval de comedor.
- Axudar aos alumnos que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo do centro correspondente, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.



□ En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado de 6º de Ed. Primaria, sen que iso supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

Ademáis, seguindo as normas de organización e funcionamento do centro, terá as seguintes funcións:

-Estar presente no comedor uns minutos antes da entrada do alumnado e no patio de recreo ata que toque o timbre (ou ben para saír para a casa na xornada única ou para a sesión da tarde).

-Repartir e servir a comida, e supervisar que a cantidade sexa a axeitada.

- Velar polas boas relacións entre todo o persoal dentro do comedor e nos periodos de lecer.

- Manter a orde do alumnado no tempo de xantar.

- Manterán relación correctas e respetuosas cos alumnos, propiciando o diálogo e mantendo á súa vez a autoridade e facéndose respetar.

- Colaborar cos monitores de Actividades Extraescolares e Complementarias.

- Colaborar na limpeza e preparación das mesas para o día seguinte.

- Seguimento e información ás responsables de comedor dos alumnos que sistematicamente rexeitan a comida.

### **O CONSELLO ESCOLAR.**

-Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.





- Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro , como tamén aprobará a súa xustificación de gastos.
- Aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar.
- Aprobar os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.
- Seleccionar o persoal colaborador de comedor. Terán preferencia aquelas nais ou pais que nunca colaboraran ou os que o fixeran por menos tempo nos cursos anteriores.
- Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos.

### **COMISIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

Atendendo á Orde do 21 de Febreiro de 2007, será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. Serán funcións da Comisión:

- Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Colaborar co equipo directivo e o/a encargado/a do servizo de comedor, se fora o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.
- Propoñer ao consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sá e equilibrada.
- Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.
- Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.



## **DIRECTRICES DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR**

- O alumnado de Educación Infantil chegará ao comedor ás 2:20 h. e colocarse na súa mesa correspondente no comedor de infantil.
- O alumnado de primaria irá entrando no comedor segundo baixen das súas aulas, sobre as 2:25 e sentándose nas mesas organizadas según vaian a actividades, ludoteca, no transporte ou sexan recollidos polas familias; seguindo sempre as indicacións das colaboradoras ou encargada de comedor.
- A entrada e saída ao comedor farase con orde. A saída será na seguinte orde: primeiro ás 15:00 -15:05 sairán os nenos e nenas que son recollidos polas familias. Despois o alumnado que asista a alguna actividade, ás 15:15 o alumnado usuario de transporte e por último os alumnos e alumnas que se quedan na Ludoteca do Concello ou na Biblioteca do centro.
- O alumnado que requira algún tipo de réxime alimentario, acreditado co certificado médico correspondente, colocarse nun lugar do comedor onde poidan estar controlados polo persoal laboral facilitándolles o menú elaborado especificamente para eles. Tamén contarán cun prato de distinta cor que o resto.
- O alumnado comensal recibirá unha alimentación equilibrada, nas condicións sanitarias adecuadas, así como unha educación para a adquisición de hábitos saudables e hixiénicos.



## **NORMAS DE CONVIVENCIA.**

Tal e como se recolle no punto 1, artigo 12, da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa: “serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.”

Así mesmo, nas NOFC do centro queda recollido que, como norma xeral, o comedor escolar rexerese polas normas de convivencia establecidas para o resto dos espazos escolares.

En caso necesario, a dirección de cada centro usuario do comedor escolar aplicará a corrección disciplinaria oportuna recollida nas súas NOFC.

### **1-. NORMAS XERAIS**

1. Os alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial deberá presentar un informe médico á dirección do centro educativo, que o comunicará á encargada do comedor escolar.
2. As condutas contrarias ás normas de convivencia do alumnado a cargo, serán amoestadas verbalmente polos colaboradores/as do comedor escolar e, en caso necesario, quedarán recollidas por escrito no parte de comedor para a posterior comunicación á encargada ou directora que o enviará ás familias.
3. A información sobre os menús estará na páxina web do centro cada mes. No caso de que se produzan variacións significativas nos mesmos, informarase ás familias a través da aplicación Abalar. Para calquera dúbida relacionada co comedor as familias deberán dirixirse á dirección do centro.



4. En caso de **ACCIDENTE** as pautas a seguir son:

- accidente leve: Atenderase ao alumno/a e darase aviso á persoa responsable de comedor do centro correspondente que actuará segundo as NOF establecidas no mesmo.
- accidente grave: Chamarase ao 112 na maior brevidade e seguiranse a súas 9 instrucións. Darase aviso ao responsable de comedor mais próximo (responsable de comedor de calquera dos centros ou encargada), que adoptará as medidas oportunas.

**2. NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR**

**Alumnado:** Os alumnos/as están obrigados a manter unha conduta apropiada no comedor escolar, da mesma maneira que en calquera outra actividade das que se desenvolven no centro.

1. Todos os alumnos deben respectar as NOFC do centro e as normas específicas de uso do comedor (dispoñible no centro e na páxina web).
2. Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante el período de comedor.
3. Seguir as indicacións que en cada momento lles fagan as persoas encargadas da súa vixilancia.
4. Antes do inicio da comida os alumnos deberán lavar as mans e ir ao baño se o precisan.
5. Os alumnos accederán ás instalacións cando a encargada ou colaboradores/as o indiquen.
6. A entrada ao comedor dos alumnos de Ed. Infantil e Primaria farase por grupos, con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos compañeiros. En Ed. Primaria os profesores da última clase da mañá baixarán ao seu grupo de alumnos ata o corredor da entrada ao comedor onde os esperará o



persoal colaborador. En Ed. Infantil o profesor terá a axuda do persoal colaborador en todo o proceso.

7. Os alumnos sentaranse no lugar que lles sexa asignado e permanecerán nel sen poder levantarse salvo co permiso dalgún responsable. Estes lugares poderán cambiarse a criterio dos colaboradores/as previa consulta á directora ou encargada de comedor.

8. Manterase en todo momento o respecto entre todos os usuarios do comedor escolar.

10. Os alumnos están obrigados a respectar aos colaboradores/as nos mesmos termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.

11. Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado os alumnos e persoal, dirixiranse aos demais nun ton de voz adecuado, evitando falar cos compañeiros doutras mesas.

12. Durante a comida os alumnos empregarán os utensilios e comerán dun xeito correcto, sen xogar entre eles nin facelo coa comida.

13. Os alumnos serán responsables do deterioro por mal uso do material e utensilios do comedor.

14. Os alumnos deberán adaptarse ao menú establecido (salvo no caso do apartado 1 das normas xerais).

15. Cada semana, haberá un alumno/a encargado de recoller a mesa. O persoal colaborador supervisará que isto se cumpra.

16. Antes de saír, as mesas deben quedar recollidas e sen restos de comida.

17. Os alumnos non sairán do comedor ata que o persoal colaborador, encargada ou directora llo indiquen.



## □ **Familias**

1. Asumir o presente protocolo en todos os seus apartados, que estará dispoñible no centro e na páxina Web para toda a comunidade educativa.
2. Orientar aos seus fillos sobre como deben comportarse durante a comida e os períodos anterior e posterior á mesma.
3. Cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas e potenciar o respecto hacia o persoal que atende o comedor.
4. Comunicar ao centro, mediante informe médico, as posibles alerxias o enfermidades que requiran un réxeme.
5. Aceptar e levar a cabo as correccións que se lle apliquen aos seus fillos ante as condutas contrarias ás normas de convivencia.
6. Presentar, por escrito, calquera suxestión ou observación sobre o comedor na Dirección do centro, xa que so así se poderá transmitir exactamente e darlle cumprida resposta. É imprescindible contar coa implicación das familias dos alumnos usuarios do comedor para que adquieran valores educativos.

## **NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR**

### **NORMAS DE HIXIENE**

- Ir ao aseo antes ou despois das comidas. Deixaranse saír do comedor se é unha necesidade urxente.
- Presentarse no comedor nas debidas condicións hixiénicas (mans limpas...)



- Deixarase a mesa e o chan o máis limpos posible, non podendo tirar pan, auga, leite, restos de comida, panos de mesa... ao chan ou uns aos outros.
- Comer coa boca pechada e limparse antes e despois de beber.
- Non xogar nin sobar a menaxe de comedor.

## **NORMAS DE COMPORTAMENTO**

- Antes de entrar no comedor, deixarán os abrigos, material escolar... no lugar habilitado para elo.
- Non está permitido entrar con obxectos ,libros, carteiras, xoguetes, consolas... no comedor.
- Manter unha actitude respetuosa e cívica, empregando un ton de voz moderado.
- Manter a orde, tanto para entrar como para saír.
- Non poderán levantarse ata que llelo indiquen as colaboradoras ou responsables de comedor. Sentaranse correctamente, sin balancearse nas sillas, dar patadas por debaixo da mesa, molestar...
- Coidarán a menaxe e o diverso material utilizado (pratos, cubertos, mesas...)
- Ningún comensal poderá servirse a si mesmo, pedirá o que necesite ás persoas encargadas do servizo da mesa levantando a man e esperando ser atendidos.
- Está prohibida en todo momento a entrada ás instalacións da cociña.
- Poderase falar en voz baixa cos compañeiro/as que cada un ten ao seu lado ou en fronte.



## **NORMAS DE ALIMENTACIÓN**

- Intentarase que proben todos os alimentos (en menor cantidade se non lles gusta).
- En ningún caso se obrigará a comer se non queren.
- Comerán coa boca pechada e manexando debidamente os cubertos.

O INCUMPRIMENTO REITERADO DESTAS NORMAS SERÁ MOTIVO DE APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS, PREVIAMENTE APROBADAS NAS NOFC.

## **FAMILIAS**

- ✓ Favorecer e cooperar para o axeitado funcionamento das normas establecidas, potenciar o respecto ás normas e ao persoal que atende o comedor.
- ✓ A familia deberá colaborar en todo o concenrente ao comportamento correcto dos seus fillos e fillas e na consolidación de bos hábitos alimenticios e de hixiene.
- ✓ A colaboración entre país e o centro é fundamental para o bon funcionamento deste servizo.
- ✓ Ten que comunicarse por escrito á responsable de comedor si o/a alumno/a padece alguna enfermidade ou alerxia a ter en conta, aportando o certificado médico.
- ✓ Nunca se lles entregarán aos nenos medicamentos, en caso necesario, se arbitrará a maneira de que os país ou titores do neno poidan administrar os medicamentos. Para o cal terán que poñerse en contacto coa Dirección do Centro.





- ✓ Non se permite a entrada ao comedor de alimentos que non proveñan do comedor escolar.
- ✓ Os pais teñen a obriga de educar aos seus fillos no cumprimento das normas do comedor, reafirmándoas.

### **SEGUIMIENTO E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

Todos os meses se colgarán na páxina web do centro ([www.edu.xunta.es/centros/ceiplaverderuiz](http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplaverderuiz)) os menús do comedor para que as familias poidan organizarse e compensar as comidas realizadas no comedor co resto de comidas realizadas no ámbito familiar.

As familias poderán ser informadas polo persoal responsable do comedor, previa cita, e unha vez rematado o servizo.

Ademais serán informadas mediante unha notificación, no caso de que os seus fillos ou fillas incumplan alguna das normas establecidas. A repetición reiterada dunha mala conducta dun alumno ou alumna pode chegar a ser motivo de expulsión do comedor.

### **Actuacións do centro cando non se observen as condutas axeitadas**

As coidadoras de comedor, como persoal responsable dos alumnos/as no horario de comedor, terán autoridade para chamar a atención ou , no seu caso, tomar as medidas oportunas ante condutas non axeitadas.

A dirección do centro terá notificación daquelas condutas graves ou reiterativas, podendo exercer medidas correctoras conxuntamente co persoal responsable do comedor.

Os motivos polos que se pode proceder á sanción son:

- Insultos entre compañeiros , agresións ou coaccións.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA  
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI  
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: [ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es](mailto:ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es)  
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI - LUGO

- Falta de respecto e malas contestacións tanto os /as coidadoras, persoal de cociña ou responsables de comedor.
- Un mal uso continuado da menaxe e das instalacións.
- Xogar ou tirar a comida.
- A non aceptación das normas de funcionamento en canto a comportamento e aptitude dentro do comedor.
- Saír do comedor ou levantarse sen permiso.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA  
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI  
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es  
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI - LUGO

Este protocolo foi aprobado en Consello Escolar o día ..... de novembro de 2019.

A DIRECTORA

Asdo.: Noa Piñeiro Adrio.



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**  
**CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI**  
**TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: [ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es](mailto:ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es)**  
**Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI - LUGO**